

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Xavier Queipo: Os ciclos do bambú

Universalismo periférico

Os ciclos do bambú

Xavier Queipo

Galaxia, Vigo, 2004. 120 páxs., 8,50 ♦

Nestes días en que os oráculos de *El País* e outros medios da progresía intelectual madrileña, modelo Vicente Verdú, atribúen ás literaturas catalana, galega e vasca unha teima de escribiren só para minorías e centrárense no propio mundo das súas comunidades, os seis relatos do libro que comentamos a seguir de Xavier Queipo son unha boa vacina contra os que coma Verdú, Savater, Lodaes, Umbral ou *Babelia* (que ás veces máis parece *Parvelia*) din que as literaturas *autonómicas* son etnocentristas e que nada teñen que ver coa modernidade. Non digamos xa dos que entran en éxtase co congreso de Rosario, empezando por moitos medios da propia prensa galega.

- 11:53 27/11/2004

O primeiro relato do libro de Queipo, "O exame imperial", transcorre no illado Vietnam. Asume a estrutura do relato iniciático no marco da viaxe: o mozo estudante Nguyen Toc acompañado polo seu criado e tamén mozo Huo viaxan desde a súa remota aldea ata a capital do Imperio para que Toc se examine para acadar o cargo de conselleiro do emperador. O de menos é que no remate da obra efectivamente Toc teña éxito e acade o ansiado cargo. Como ocorre neste tipo de relatos de formación, grazas á viaxe iniciática, os dous mozos acadaron unha formación que os fai donos de experiencias coma o compañeirismo, a amizade, a solidariedade, o saberse valer por un mesmo... Xa que logo, cando regresan son outros, non porque acadasen o aprobado, senón porque son mellores humanamente falando. Neste relato cómpre salientar o bo tino con que Queipo manexa o ritmo sintáctico: acumulación de adxectivos, complementos, subordinadas para suxerir o lento avance nos estudos ou mesmo na viaxe; sintaxe rápida de verbos para o tráfico do exame.

Outros dous textos do libro tamén se desenvolven claramente no marco de Asia: "As torres do silencio" ofrece unha impresionante descrición da cidade de Bombai con imaxes de gran potencia e vangardismo coma esa das serpes dos encantadores que son "hedras réptiles por unha parede inexistente" ou os monzóns son ventos "que traen no seu seo toda a auga que se evapora nas selvas de África". É de salientar tamén o fino humor doutro dos apartados do libro ("Seis contos chineses"): non se pode conter máis sentido do humor en menos espazo de texto, estamos ante un minimalismo do humor.

Por fin, os outros relatos curtos que compoñen o libro ("Soño laranxa" e "Metromanía") son un exercicio vangardista, tanto desde o punto de vista lingüístico como literario, que serán do gusto daqueles lectores que gocen co experimentalismo literario e que amosan a inquietude que os narradores galegos teñen pola modernidade, na liña aberta xa hai ben anos polos escritores da Xeración Nós.

Acerto grande do libro é esta mestura de relato tradicional ("O exame imperial") cos textos claramente vangardistas que acabamos de comentar no parágrafo anterior: demostra que o autor se move con soltura no ámbito do relato tradicional, pero tamén no da innovación formal. Por outra banda, o lector pode comparar doadamente dúas formas de escribir nun saudable exercicio de pedagogía literaria.

Estamos, pois, perante un libro moi oportuno, e xa non só polos seus valores literarios, que os ten e moitos, como acabamos de ver, senón para que os Verdú, os de *Babelia* e asimilados se decaten do universalismo e modernidade das literaturas periféricas. Como dicía Risco, posiblemente esteamos estes *periféricos* máis preto de Nova York, ca de Madrid e de *El País*.

[mércao en Andel](#)